



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono:881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

*50 ANIVERSARIO*

# MEMORIA DA BIBLIOTECA

2022-23



## **EQUIPO DA BIBLIOTECA**

A biblioteca abriu ao público o luns 3 de outubro do 2022:

- Reapertura, retomando as actividades e acceso como se viña facendo antes da pandemia.
- Estableceronse quendas de acceso e uso (para infantil, primaria e secundaria).
- Actualizaronse os listados de usuarios.
- Formanse aos novos voluntarios da biblioteca e ver quen continúa do curso anterior.

**Aulas implicadas:** todas as do centro.

**Alumnado participante:** todo

**Profesorado participante :**

M <sup>a</sup> Sonia Corral Almeida.	Primaria, 2º ciclo	Coordinadora de Primaria.
María Balbina Manso Lorenzo.	Infantil. Apoio	
Jesús Francisco Piñón Pérez.	Primaria, 1º ciclo	
Eva Belén Castro Cruz.	Primaria, 3º ciclo.	
M. <sup>a</sup> Carmen Barro Sueiras	Primaria, 3º ciclo (mestra inglés).	
Ángles Vidal Méndez.	Infantil e primaria (mestra relixión).	
Yolanda Allegue	Primaria, 1º ciclo (mestra música).	
Laura M <sup>a</sup> Fernández Sánchez.	Secundaria (profesora francés).	
Eva M <sup>a</sup> Couce Coba.	Secundaria (Profesora lingua e literatura castelá).	
Irene Portas Peteiro.	Secundaria (Profesora de bioloxía e xeoloxía).	
Zeltia Rodríguez Rodríguez.	Secundaria (Profesora L. Castelá).Coord. Secundaria	
María Luisa Pita Rubido.	Secundaria (Profesora lingua e literatura galega).	

## **Introdución:**

A biblioteca do centro CPI de Atios está incluída dende o ano 2011 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, parte das actividades incluídas no noso proxecto da biblioteca para este ano están determinadas pola participación do centro no PLAMBE, outra parte das actividades aquí relacionadas xorden do emprego que cada titoría fai da HORA DE LER, unha boa parte das actividades incluídas neste plan xorden da colaboración cos distintos ciclos e departamentos nos

que se están a desenvolver numerosos proxectos educativos que precisan da biblioteca como centro de recursos, e da colaboración tanto co equipo de dinamización lingüística do centro coma co equipo de actividades extraescolares, á hora de abordar as distintas efemérides a celebrar no transcurso do curso escolar: samaín- magosto, nadal, día internacional contra a violencia de xénero, día da paz, entroido, día do libro, día da poesía, día das letras galegas, ...; así como o tema interdisciplinar acordado cada ano e que no presente curso é o "50 aniversario do CPI de Atios"

Tamén traballamos a figura dos axudantes de biblioteca nomeando mensualmente alumnado encargado e monitorizando as súas actividades. Son alumnos de 5º e 6º de primaria e de secundaria.

As actividades a desenvolver neste curso están recollidas no Plan Anual de Lectura.

Os **obxectivos** a traballar son:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar e fora del.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de satisfacción persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Valorar e respetar a lingua galega como lingua vehicular do centro.

### **Actividades do primeiro trimestre:**

Tal e como se indicou anteriormente, no inicio do curso o equipo da biblioteca dedicou o mes de setembro a:

- Establecer **quendas de acceso** e profesorado de garda.
- Iniciamos as novas quendas de **axudantes de biblioteca**, retomando as que facían antes da pandemia.
- Durante o primeiro trimestre seguiu a traballar na **catalogación e no expurgo de fondos**, máis catalogación que expurgo pois sempre son moitas as compras e os libros para catalogar, e pouco o tempo dispoñible para este tipo de traballos.
- Outra das actividades realizadas no primeiro trimestre foi a **difusión de fondos** a través de varias actuacións:

Publicación no blog da biblioteca dos novos libros que se foron adquirindo.

Realización de **exposicións de libros** relacionados con temas de interese, que nos últimos meses foron *O día da Muller Escritora*, *Lecturas para Samaín*, *A Ciencia na escola en galego*, o *Día contra a violencia de xénero*, Lecturas inclusivas e LGTBIQ+ e a derradeira exposición aínda aberta con libros de temática navideña (carriños que están nos corredores de primaria).

- **Actividades de animación á lectura:**

O blog da biblioteca recolle puntualmente cada unha das actividades de animación á lectura realizadas, con fotografías sobre cada unha delas.

- Lectura por Samaín na biblioteca: fíxose un cementerio de libros. Os libros desenterrados polo alumnado de infantil ata 4º de primaria, sería o que posteriormente ían a escoitar na biblioteca a cargo do alumnado de 5º e 6º de primaria e de 2º da ESO.
- Día das Escritoras: 2º da ESO e outros cursos de primaria fixeron exposición nos taboleiros dos corredores do colexio cos seus traballos.
- Microrrelatos de Samaín: concurso pensado para 5º, 6º de primaria e todos os cursos de Secundaria.
- Día 25 N: lectura de poemas por parte de alumnado de 2º da ESO a todo o alumnado de primaria.
- Visita do alcalde do concello para dar una charla ao alumnado de 3º de primaria sobre a "Prehistoria".

- Visita dunha exalumna que estuda física en Alemaña, para dar unha charla ao alumnado da ESO polo día da Ciencia en Galego.
- Colaboración co equipo de Dinamización da Lingua Galega, e actividades extraescolares e complementarias, no concurso de tarxetas de nadal.
- Lectura de contos por parte de pais e nais a alumnado de primaria.
- Club de lectura en Secundaria.
- Foro literario de alumnado de primaria (5º curso) con Antón Cortizas e en colaboración coa Biblioteca Municipal de Valdoviño.

**No inicio do curso se realizaron distintas actividades de formación de usuarios** dende os cursos de primeiro ata sexto de primaria a cargo dos propios titores ou dos membros do equipo.

- Durante o primeiro trimestre continuouse a traballar no **blog da biblioteca**, coa idea de difundir as actividades que imos realizando na biblioteca por un lado, e co fin de servir de enlace cos mestres do centro para que nel atopen suxerencias, recursos e orientacións para traballar nos plans lectores.
- Realizouse un díptico con suxestións de lecturas para o Nadal, agrupadas por idade.
- Por último citar a **coordinación coas bibliotecas PLAMBE de Ferrolterra** e a **coordinación coas bibliotecas PLAMBE de Galicia** a través de correos electrónicos onde se comparten recursos, dúbidas e inquiredanzas.

### **Adquisicións:**

Ao longo deste 1º trimestre, realizáronse compras a petición dos distintos departamentos ou etapas do centro. Estas adquisicións son:

Neste curso concederon de partida Plambe: **1220** Euros para fondos bibliográficos e **1265** para equipamento e mobiliario.

A día de hoxe (22 de decembro 2022) fixéronse os seguintes gastos:

- a) Libros para secundaria e un libro para primaria: 404.73 euros
- b) Libros de "Os Bolechas" (infantil e primaria): 72.00 Euros
- c) Varios libros de primaria: 41,95 euros

$1220 - 518.68 = 701.32$  euros quedan para gasto dos vindeiros trimestres.

### **Actividades durante o 2º trimestre:**

- Cambio no turno de quendas do alumnado voluntario tanto de primaria como secundaria.
- Catalogación e expurgo de fondos bibliográficos.
- Difusión de fondos a través de varias vías de información:
  - Blog
  - Paneles expositivos
- Mantivemos a exposición de libros relacionados coa inclusión e LGTBQI+
- Exposición de libros relacionados coa Paz.
- Actividades de animación á lectura:



- O alumnado de secundaria foron polas aulas de infantil e primaria (e tamén na biblioteca) para ler o conto "Mil grullas" de Elsa Bornemann e axudaron a facer as grullas en papel (actividade de papiroflexia).
- O alumnado de 5º de primaria realizaron unha obra de teatro na biblioteca para o alumnado de infantil e primaria relacionada coa Paz "Quién manda aquí".
- Recomendación de lecturas para o Entroido.
- Alumnado de 6º de primaria acuden ao Foro Literario a cargo de Antón Cortizas (en colaboración coa Biblioteca Municipal de Valdoviño) para traballar a obra "O País da Choiva" de Miguel Ángel Alonso Diz
- "O traxe da Rosalía" Todo o alumnado dende infantil ata secundaria colaboraron escribindo versos, palabras dos poemas de Rosalía de Castro; e coloreando flores para confeccionar o traxe de Rosalía. Foi unha experiencia moi bonita e sobre todo o resultado moi positivo.
- Lectura de poesías durante a semana da poesía.
- Contos lidos polas familias ao alumnado de infantil e primaria.
- Colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades complementarias e extraescolares.
- Club de lectura en Secundaria.
- Participación nos "Encontros PlamBE" "31 de marzo de 2023" que tiveron lugar en Santiago.

#### -Adquisicións:

- Durante o segundo trimestre compramos máis títulos bibliográficos para todos os niveis educativos. A partida económica 1200 euros xa se gastaron na súa totalidade neste trimestre.
- Quedan 1265 euros da partida concedida para mobiliario que serán gastados no terceiro trimestre do curso.

#### **Actividades durante o 3º trimestre**

- Cambio no turno de quendas do alumnado voluntario tanto de primaria como secundaria.
- Catalogación e expurgo de fondos bibliográficos.
- Difusión de fondos a través de varias vías de información:
  - Blog
  - Paneles expositivos
- Mantivemos a exposición de libros relacionados coa inclusión e LGTBIQ+. No que nun principio estaría ata o mes de marzo, decidíuse continuar con ela pola gran acollida que tivo por todo o alumnado e profesorado do centro.
- Exposición de libros relacionados coa Paz.

### **Actividades de animación á lectura:**

Continuaron as lecturas en familia, principalmente na etapa de educación infantil e primaria.

Día do Libro: fixéronse actividades variadas para todas as etapas educativas. Obras teatrais baseadas na representación de varios libros; lecturas de varios contos co kamishibai, lecturas que preparaban varios alumnos voluntarios da biblioteca durante os recreos principalmente, e de xeito voluntario.

Tamén o apadriñamento lector: alumnado de secundaria e sexto de primaria leron a compañeros máis pequenos libros que estes elixiron (dende infantil ata 3º de primaria). Os alumnos de 4º, 5º leron entre eles, mesturados por cursos.

Remate do club de lectura de secundaria. O vindeiro curso seguirá levándose a cabo.

Neste trimestre o alumnado de secundaria foi quen participou no foro literario promovido dende a biblioteca do concello e Antón Cortizas. Nesta ocasión foi a escritora Anxela Loureiro a encargada de traballar co alumnado voluntario o libro elixido "Camiño Perigoso" da editorial *Xerais*.

Con motivo do "50 aniversario do CPI de Atios, Sementando Soños" a biblioteca foi apoio para toda a comunidade educativa. Recibimos á escritora Rosa Aneiros como antiga alumna do colexio, para falarnos da súa infancia educativa e tamén para facerlle preguntas sobre as "Letras Galegas" e falounos de Fernández del Riego, quen dixo coñecer en persoa e comentarnos algunha anécdota que tivera con el.

Apoio bibliográfico para os Maios e Letras Galegas.

Apoio bibliográfico ao "Proxecto Ríos" que levaron a cabo durane todo o curso o alumnado de terceiro e cuarto de primaria acompañados dos seus [titor@s](mailto:titor@s).

O día 5 de xuño recibimos na biblioteca a conferencia para este alumnado acargo de Francisco Bañobre, biólogo e membro de ADEGA. O alumnado entregou un feixe de traballos realizados durante o curso sobre a temática antes citada.

- Apoio ao "Teatro con G", alumnado participante 6º de primaria.
- Cinco alumnas preparan na biblioteca, botando man de libros de manualidades, marionetas con calcetíns e materiais de refugallo, acudindo ás aulas de 6º curso de educación infantil e 1º de educación primaria para elaboralas.
- Elaboración da Guía de Verán.
- Obra de teatro polo alumnado de 1º,2º e 3º de primaria.
- Contacontos da editorial Santillana para falar sobre o libro que están a ler no primeiro ciclo de primaria.
- Colocouse un toldo na biblioteca coa intención de crear un espazo adicado ao teatro e serva como fondo de escenario para o vindeiro curso.
- Recollida das mochilas viaxeiras.

- Recollida dos corredores os carriños de lecturas, das que gustou moito o xornal educativo "O Papagaio" que grazas á iniciativa de incluílos nestes carros, o alumnado achegouse a eles para disfrutalos. O vindeiro curso continuaremos incorporándoos neste xeito.
- Entrega dun pequeno agasaio aps seis gañador@s do concurso "¿Cómo se dibuja una bruja? de Gloria Fuertes.
- Entrega de diplomas e un pequeno agasaio a todo o alumnado voluntario que axudou durante o curso na biblioteca.
- Avaliación das actividades realizadas durante este curso académico.
- Elaboración da Memoria para entregar a Plambe e tamén as líneas prioritarias para o curso 2023-2024 (estas entregaranse unha vez presentadas ao claustro na reunión do mes de xuño). Nestas líneas mencionar que a nosa biblioteca pretende continuar en Plambe, impulsar a participación das familias na mesma e crear un novo ambiente, coa intención de que sexa un espazo motivador, enriquecedor...
- A partida económica Plambe foi gastada na súa totalidade en fondos bibliográficos para todas as etapas educativas do colexio, e en mobiliario (toldo, para facer tipo fondo de escenario, para os cursos vindeiros.).

### **AVALIACIÓN PLAMBE CURSO 2022-2023**

Queremos expresar dun xeito breve a valoración do curso en canto ás actividades realizadas dende a biblioteca do CPI de Atios.

Grazas a que este ano non tivemos que convivir coas medidas de protocolo COVID-19, a vida da biblioteca deu un cambio importante, pois volveron as actividades neste espazo do colexio, e sobre todo compartido con compañeiros e compañeiras de distintos cursos e etapas. Isto xa fai que sexa positiva a experiencia, principalmente para aqueles nenos e nenas de cursos baixos de infantil e primaria que case non coñecían este espazo ou se o usaron foi dun xeito bastante limitado, pouco motivador e agradable. Descubriron neste curso que a biblioteca é un lugar divertido, enriquecedor e cheo de novas experiencias.

Elaboramos fichas de avaliación para as actividades que se levan a cabo, para alumnado e profesores. Tamén se incorporan nas mochilas viaxeiras, fichas de valoración da biblioteca, e nas que poden opinar as familias. Isto sérvenos para ver onde erramos, para intentar mellorar, e que actividades debemos manter e cales incorporar (aportación de novas ideas).

#### **Puntos fortes da nosa biblioteca:**

O apoio do equipo directivo á hora de realizar actividades, destinar profesorado de garda para os recreos na biblioteca, adquirir material e aceptar iniciativas e ideas do equipo da biblioteca.

A implicación dos membros do equipo da biblioteca que cada vez van coñecendo mellor as tarefas do equipo e asumindo máis responsabilidades.

O traballo desenvolvido en anos anteriores que deriva nunha biblioteca ben dotada en canto a mobiliario, fondos e equipamento.

A ilusión do grupo de axudantes de biblioteca que asumen os seus cargos con moita responsabilidade, e a grande cantidade de alumnos de primeiro e segundo ciclo que empregan habitualmente a biblioteca así como o traballo de formación de usuarios que fan os titores.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono:881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

**50 ANIVERSARIO**

O blog da biblioteca que nos permite estar en contacto con toda a comunidade educativa.

A excelente colaboración co EDLG e o EACE do centro.

### **Puntos débiles e propostas de mellora:**

A biblioteca ten que mellorar máis no contacto coas familias de xeito que éstas e involucren máis en actividades asumibles por elas coma os contacontos na biblioteca. Durante o curso esta participación foi crecendo, algo que tamén se vía afectada pola situación de COVID-19 nos últimos anos.

Outro aspecto a mellorar é nas actividades TICs dende a biblioteca, xa que non son moitas, e colaborar máis con aspectos de robótica, radio escolar (neste curso o centro incorporou unha radio escolar a través dos Polos Creativos; nos vindeiros cursos a biblioteca participará de forma máis dinámica con ela).

A complicada xestión para os mestres coordinadores da biblioteca en relación ao horario escolar, xa que non son moi compatibles as horas de disposición para este espazo coa labor docente, o que conleva realizar moito traballo "na casa", principalmente para ter as actividades ao día.